

# Recepcións aos piragüistas

No pasado número recolliamos nesta páxina o recebemento ofrecido os equipos de xadrez por parte do Concello do Grove. Nesta ocasión temos que voltar a dar conta de recebementos a deportistas de Breogán, nesta ocasión os piragüistas.

O primeiro deles foi realizado polo presidente da Xunta de Galicia, Nuñez Feijoo; nun acto adicado os deportistas galegos que acudiron coa selección española o Campionato do Mundo de Pista Absoluto celebrado en Poznan (Polonia).

Neste recebemento estiveron presentes Jacobo Domínguez e David Mascato, pola súa parte Damian Ramos non pudo acudir. Estando tamén presentes o presidente do Breogán, Félix Lamas e, Fredi Bea como presidente da Federación Galega de Piragüismo.

Outro dos recoñecementos recibidos polos nosos deportistas foi o realizado polo Concello do Grove os palistas que durante a temporada 2010 obtiveron medallas en Campionatos de España e os que acudiron os Campionatos de Europa e Campionatos do Mundo.

unha ducia de regatas de carácter autonómico.



DEPORTE GALEGO

XACOBEO 2010 Galicia

Clube Marítimo Deportivo e Cultural

BREOGAN

O GROVE • Nº 19- 3º TRIMESTRE 2010
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93
e-mail: clubbreogan@telefonica.net
www.clubbreogan.org



Xa temos web

Piragüistas concentrados

Seccións de xadrez e música

Recepcións oficiais

Actividade da ADM

Resultados internacionais

Resultados autonómicos

Resultados nacionais

DEPORTE GALEGO

XACOBEO 2010 Galicia

# Resumo do terceiro trimestre

O terceiro trimestre do ano, como é habitual, foi o de maior actividade en piragüismo, pola contra para xadrez e música é a época de vacacións e descanso, e agora coa chegada do outono remotan as súas actividades.

Neste número falaremos do nova páxina web coa que conta a nosa entidade, coa que por fin contamos despois de varios intentos. Asimesmo dase conta do inicio da actividade da Escola de Xadrez e da Escola de Música.

Dende a ADM, seguimos a traballar pola consecución dunhas instalacións dignas para o noso pobo, e tivemos a visita do Secretario Xeral para o Deporte. Tamén colaboramos un ano máis, coa organización da Carreira Popular da Festa do Marisco, que foi un éxito. Logo completamos a información cos resultados dos nosos palistas en regatas internacionais (Campionato de Europa e Campionato do Mundo), ademáis dos resultados e clasificacións do equipo de piragüismo tanto a nivel autonómico, como nacional.

Rematamos, o igual que no número pasado, cos recebementos que tiveron os nosos deportistas, neste caso os piragüistas, que foron recibidos polo Presidente da Xunta de Galicia e polo Concello do Grove.



# CLASIFICACIÓNS NACIONAIS

| IX LIGA PISTA OLÍMPICA | | |
|---|---|---|
| 1º | Kayak Tudense | 420 |
| 2º | As Torres de Catoira | 403 |
| 3º | Náutico Sevilla | 392 |
| 4º | Iberdrola Zamora | 382 |
| 5º | RCN La Palma | 382 |
| 6º | Piraguamadrid | 381 |
| **7º** | **Breogán do Grove** | **380** |

| IX LIGA XOVENES PROMESAS | | |
|---|---|---|
| 1º | Piragüismo Aranjuez | 315 |
| 2º | As Torres de Catoira | 297 |
| 3º | Náutico Firrete | 295 |
| 4º | Natacio Banyoles | 286 |
| 5º | Náutico Sevilla | 280 |
| **6º** | **Breogán do Grove** | **280** |







XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

VICTOR OTERO PROL
Especialistas en Seguros de Defensa Jurídica
Allianz
Asesoría Fiscal e Contable •
Asesoría Laboral •
Sociedades •
Administración de Fincas •
Mediador de Seguros Colexiado •
Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión
O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



# Resultados nas ligas nacionais

A competición a nivel nacional tivom dúas caras, podemos decir que no equipo de “maiores” (seniors e xuvenís), baixamos postos; mentras que no equipo dos “pequenos” (cadetes e infantís) melloramos algo con respecto o pasado ano.

Na Liga de Pista Olímpica, na que participaron as categorías senior e xuvenil, tiñamos claro que iba a ser un ano difícil, por que os cambios que se introduxeron nas competición, perxudicaba as características do noso equipo. Ademáis na categoría xuvenil tivemos algunha baixa, dispoñendo so dunha palistas, Lara Díaz, en condicións de tomar parte desta competicións, pero sufreu unha lesión e non se pudo contar con ela en todo o ano.

Desta forma só participamos nesta competición só con deportistas seniors e ainda así loitamos polos postos de cabeza, acadando a sétima posición final nun remate de competición moi apretado, xa que só estivemos separados do cuarto posto por dous puntos.

Na Liga de Xovenes Promesas (para as categorías cadetes e infantís), hai que indicar que o equipo mellorou un posto o resultado con respecto a temporada anterior na Copa de España de Promoción. Nunhas categorías nas que os nosos xovenes palistas amosaron a súa categoría e augurando moi bo futuro para varios del@s si siguen na liña ascendente que amosan.

HABITAT
Decoración
Pablo Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 03
36980 O GROVE

# Por fin temos páxina web

Dende hai uns anos vimos anunciando que pronto estaría en funcionamento unha páxina web da nosa entidade, e sempre viñase incumplindo este anuncio. Pero agora, por fin chegou o momento de que podemos decir que XA temos páxina web.



Entre a intención que tiñamos de dotarnos desta “ferramenta” e, o patrocinio do equipo absoluto de piragüismo por parte de Deporte Galego e Xacobeo 2010; que pedía que se instalara a súa publicidade neste soporte. Levounos a contactar coa empresa que montou a páxina web da Federación Galega de Piragüismo (entre outras) e a través de AMR Comunicación, puxemos por fin en marcha esta páxina e xa esta a disposición de que queira ollala, na dirección: http://clubbreogán.org.

# Piragüistas concentrados

Co inicio do curso escolar, incioúse os preparativos cara unha nova temporada piragüística, que foi inaugurada polas actividades do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra) onde no curso 2010-2011 estarán como residentes cinco deportistas do Breogán, ou o que o mesmo, a cuarta parte dos piragüistas que este ano están como residentes neste centro. Estes deportistas son: Lara Díaz, Tania Alvarez, Natalia Garcia, Manuel Garcia e Manuel Vieira.



Por outra banda tamén temos a tres deportistas nos grupos de traballo a nivel nacional de Sub 23. O kaikista Alvaro Bravo esta no C.A.R. Madrid Blume; mentras que os canoistas: Jacobo Domínguez e Cristian Ribademar están no Grupo de Adestramento de Canoas, con base no CGTD e baixo as ordes do exadestrador do Breogán, Manuel Fernández Valladares.

Concello do Grove
CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ
E EMERXENCIAS, DEPORTES
E LIMPEZA



# Seccións de xadrez e música

Como é habitual, despois do verán e chegado o outono, voltan as actividades das seccións de xadrez e música, aínda que este ano sufriron ambas con un pequeño retraso.

A Escola de Música retoma a actividade a mediados de outubro e prolongará as súas actividades ata o final do curso escolar. Esta actividade, despois de bastantes anos en funcionamento, está totalmente consolidada e un ano tras outro os alumnos van dando pasos, ou iniciándose, no mundo da música.

Pola súa banda a actividade da Escola de Xadrez está previsto que se reinicie no mes de novembro, onde os xadrecistas poderán voltar a usar o seu inxenio enriba do taboleiro de xogo.

En canto a vindeira temporada deste deporte, está condicionada como en outros, polas eleccións as que se ten que someter a Federación Galega de Xadrez. Mentras os nosos equipos, que realizaron unha magnífica temporada durante este ano, están a organizarse e programar a nova temporada que se iniciará no mes de xaneiro.



# CLASIFICACIÓNS AUTONÓMICAS

| XV COPA GALEGA DE PROMOCIÓN | | |
|---|---|---|
| 1º | As Torres de Catoira | 420 |
| 2º | Náutico Firrete | 404 |
| 3º | Náutico Pontecesures | 402 |
| 4º | Piragüismo Verducido | 390 |
| 5º | Kayak Tudense | 383 |
| **6º** | **Breogán do Grove** | **380** |

| XV COPA GALEGA DE PISTA | | |
|---|---|---|
| 1º | Kayak Tudense | 350 |
| 2º | As Torres de Catoira | 340 |
| 3º | Náutico Rodeira | 332 |
| 4º | Náutico Firrete | 328 |
| **5º** | **Breogán do Grove** | **328** |

| XV COPA GALEGA DE RIOS E TRAVESIAS* | | |
|---|---|---|
| 1º | Esc.Ciudad Pontev. | 780 |
| 2º | Kayak Tudense | 764 |
| 3º | P. Illa de Arousa | 748 |
| **13º** | **Breogán do Grove** | **629** |

*Non acudimos a todalas regatas.

| IX COPA GALEGA DE VETERANOS | | |
|---|---|---|
| 1º | Naval de Pontevedra | 210 |
| 2º | Piragüismo Vilaboa | 204 |
| 3º | Esc.Ciudad Pontevedra | 202 |
| 4º | C. Mar Ria de Aldán | 192 |
| 5º | Cofradía Portonovo | 192 |
| **6º** | **Breogán do Grove** | **190** |

| XXIII LIGA XUNTA DE GALICIA | | |
|---|---|---|
| 1º | As Torres de Catoira | 1036 |
| 2º | Kayak Tudense | 1012 |
| 3º | Náutico Firrete | 990 |
| 4º | Esc.Ciudad Pontevedra | 961 |
| 5º | P. Illa de Arousa | 937 |
| **6º** | **Breogán do Grove** | **935** |





Deputación Pontevedra

Restaurante - Taberna
A TRAIÑA
Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92

# Resultados competición galega

A competición a nivel nacional tivom dúas caras, podemos decir que no equipo de "maiores" (seniors e xuvenís), baixamos postos; mentras que no equipo dos "pequenos" (cadetes e infantís) melloramos algo con respecto o pasado ano.

Na Liga de Pista Olímpica, na que participaron as categorías senior e xuvenil, tiñamos claro que iba a ser un ano difícil, por que os cambios que se introduxeron nas competición, perxudicaba as características do noso equipo. Ademáis na categoría xuvenil tivemos algunha baixa, dispoñendo so dunha palistas, Lara Díaz, en condicións de tomar parte desta competicións, pero sufreu unha lesión e non se pudo contar con ela en todo o ano.

Desta forma só participamos nesta competición só con deportistas seniors e ainda así loitamos polos postos de cabeza, acadando a sétima posición final nun remate de competición moi apretado, xa que só estivemos separados do cuarto posto por dous puntos.

Na Liga de Xovenes Promesas (cadetes e infantís), hai que indicar que o equipo mellorou un posto o resultado a temporada anterior na Copa de España de Promoción. Nunhas categorías nas que os nosos xovenes palistas amosaron a súa categoría e augurando moi bo futuro para varios del@s si siguen n aliña ascendente que amosan.



# Actividade da ADM

Despois de levar todo o ano traballando dende a Asociación do Deporte Meco, pola consecución dunhas instalacións deportivas dignas para O Grove, o pasado día 2 de agosto douse un paso que consideramos moi importante de cara a dotar o noso municipio dun novo pavillón de deportes.

Ese día, o Secretario Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, despois de comprometerse con facer un pavillón de deportes en O Grove, visitou as dúas ubicacións que se barallan para a súa construcción. Unha destas úbicacións é o patio do Instituto do Monte da Vila, e a outra, pola que aposta a Asociación de Deporte Meco; situase detrás do campo de futbol, onde hai terreo para logo ampliar estas instalacións deportivas.

O Concello quedou de facer unha valoración económica para facerlla chegar á Secretaría Xeral de Deporte, e así definir unsitio definitivo para a construcción do tan reclamado pavillón de deportes.

Por outra banda, xunto coa ADM, colaboramos un ano máis na organización da Carreira Popular da Festa do Marisco, que volotou a ser un éxito de participación, nun día que o tempo colaborou con todos nos. Destacar a participación na carreira de varios membros do noso equipo de piragüismo, onde o mellor resultado foi acadado por Mª Antía Rodríguez, que foi a primeira atleta local en cruzar a liña de meta.



O Grove CULTURA



# Resultados Internacionais 2010



Un ano máis, e xa van……; o Breogán do Grove tivo representación en diferentes competicións internacionais: Campionatos de Europa e do Mundo, formando parte da Selección Española.

Os nosos palistas, como non podía ser doutra forma; tiveron unha destacada actuación. Sendo o resultado máis destacado o Subcampionato do Mundo en Maratón no C-2 senior, formando parella con Diego Romero de As Torres de Catoira

As participacións e resultados dos nosos deportistas son as que se mostran na táboa da páxina seguinte.

## RESULTADOS INTERNACIONAIS DOS PADEXEIROS BREOGANISTAS

**<u>Campionato de Europa de Pista Absoluto (Trasona-Asturias) 2-4 de xullo</u>**

- Jacobo Domínguez, 8º posto C-2 200 m.
- Jacobo Domínguez, 7º posto C-2 500 m.
- Damian Ramos, 7º posto C-4 1.000 m.
- David Mascato, 7º posto C-4 1.000 m.

**<u>Campionato de europa de Pista Xuvenil e Sub 23 (Moscú-Rusia) 29 de xullo - 1 de agosto</u>**

- Cristian Ribadomar, 5º posto C-2 1.000 m.
- Cristian Ribadomar, 8º posto C-4 1.000 m.
- Jacobo Domínguez, 4º posto C-2 200 m. *(a 3 centésimas da medalla)*.
- Alvaro Bravo, 8º posto K-4 1.000 m.

**<u>Campionato do Mundo de Pista Absoluto (Poznan-Polonia) 19-22 de agosto.</u>**

- David Mascato, semifinalista C-2 1.000 m.
- Damian Ramos, 9º posto C-4 1.000 m.
- Jacobo Domínguez, 8º na final B C-2 200 m.

**<u>Campionato do Mundo de Maratón (Banyoles-Girona) 23-26 de setembro.</u>**

- Cristian Ribademar, SUBCAMPIÓN DO MUNDO C-2 senior.
- Marcelino Cacabelos, Medalla de Ouro Copa do Mundo Master, C-2 de 40-44 anos (Campionato do Mundo oficioso para veteranos).





OBRAS Y CONTRATAS
RIAS BAIXAS
S. L.
R./ País Vasco, 5 - Bajo • 36980 O GROVE (Pontevedra)
Tef. 986 732 195 - Fax 986 735 027
E-mail: construcciones@riasbaixasnet.com

Segem
GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL